

HOMELAND (IRAK YEAR ZERO)

[Abbas Fahdel, 2015]

OS OLLOS VERDES
ESTREA EN NUMAX: 31.10.2016 | V.O.S.E.

FICHA TÉCNICA

Homeland (Iraq Year Zero)
Part I - Before the Fall (2015, 160')
Part II - After the Battle (2015, 174')
Dirección: Abbas Fahdel
Guión: Abbas Fahdel
Montaxe: Abbas Fahdel
Fotografía: Abbas Fahdel
Produtora: Haidar Fahdel, Abbas Fahdel (Iraq)
Distribuidora: Abbas Fahdel
Formato de proxección: DCP 2K, 1.77:1

FILMOGRAFÍA

L'aube du monde, 2008
Nous les irakiens, 2004
Retour à Babylone, 2002

FESTIVAIS

Carthage Film Festival 2015 (mellor documental), Dokufest International Documentary 2016 (premio dos dereitos humanos), IBAFF 2016 (mellor filme), Locarno (premio DocAlliance), Montreal 2015 (mellor filme), Visions du Réel 2015 (mellor filme), Yamagata 2015 (premio da excelencia e premio Robert & Frances Flaherty), Ficunam (premio do público)

169

SINOPSE

O director iraquí Abbas Fahdel filma a súa familia durante 17 meses, nun filme dividido en dúas partes (antes e despois do ataque) no que se nos mostra a vida cotiá interrompida polo horror da guerra de Iraq. A primeira parte, titulada *Before the Fall*, remata co comezo da entrada do exército norteamericano en Bagdad. Na segunda parte do díptico o exército estadounidense invade Iraq e o filme amosa as consecuencias no día a día dos seus personaxes.

«Documental arrepiante, que cambia por completo a perspectiva sobre o conflito de Iraq.»

Diego Batlle OTROS CINES

OS OLLOS VERDES: ABBAS FAHDEL

HOMELAND (IRAK YEAR ZERO) + AULA OS OLLOS VERDES #09

Martes 1 de novembro de 2016 | 18:30h
Entrada de balde previa reserva
Duración estimada: 2 horas



«Como cineasta non tiña o dereito a agochar estas imaxes»

Entrevista a Abbas Fahdel

Por Sami Gnaba

Anteriormente a este filme vostede realizou dous documentais, *Retour à Babylone* e *Nous les irakiens*. É xusto dicir que con *Homeland* quixo prolongar o retrato do seu país a partir deses primeiros filmes? Si, exactamente. Faise en reacción a estes dous filmes que vostede vén de citar, que eran unha encarga de France Télévision. Foron producidos con todas as cláusulas e compromisos que cómpre aceptar para facer un filme para televisión. Mesmo se eu podo reivindicálos e sentirme orgulloso deles, tamén me sentín frustrado co resultado. Sufrín moitas presións, especialmente a súa duración limitada a 52 minutos, mais tamén unha voz en off que comentaba todo sen deixar lugar ao silencio ou aos planos secuencia.

Non había sitio para o cinema. Tíveno que aceptar porque eran os meus primeiros filmes, non tiña alternativa. Non estaba en posición de negociar esta caste de cousas. Mais dado que Iraq representa algo moi importante para min e tiña acumuladas 120 horas de brutos, quería facer un filme verdadeiramente cinematográfico.

Polo medio realizou unha ficción, *L'aube du monde*, na que tamén reacciona contra os seus filmes anteriores mudando de rexistro. Si, si, é o contrario que o que eu fago para televisión. Atópase cheo de planos fixos e planos secuencia. En 2013 co gallo do segundo aniversario da invasión americana en Iraq, retomei os brutos gravados entre 2002 e 2003 e vin a posibilidade de facer un filme, mais sabía que ía ser longo. Contactei os meus produtores e axiña me dixeron que non ía ser posíbel. Que nin nas canles de televisión nin nas salas ía aceptar un filme así. De súpeto decidín facelo eu só, tiña o deber de facelo. Tiña a sensación de ter rexistrado un momento histórico importante, o paso da ditadura ao caos de postguerra. En tanto cineasta non tiña o dereito a agochar estas imaxes. Tiña que mostralas. →

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Colaboran:



HOMELAND (IRAK YEAR ZERO)

[Abbas Fahdel, 2015]



ABBASFAHDEL: BIOFILMOGRAFÍA

Nacido en Iraq, Abbas Fahdel estuda cinema en Francia onde recibe aulas de Jean Rouch, Serge Daney e Éric Rohmer. Alí vive na dolorosa distancia do exilio a historia contemporánea do seu país. Viaxa acotío a Iraq onde realiza dous documentais para televisión, *Retour à Babylone* (2002) e *Nous les irakiens* (2004) e acumula un bo número de imaxes, tanto da contorna familiar como da efervescencia nas rúas, rexistrando o cotiá dun país en guerra. Logo de asinar en 2008 un filme de ficción ambientado na primeira Guerra do Golfo, *L'aube du monde*, estrea 2015 *Homeland (Irak Year Zero)* co que acada un gran impacto en festivais internacionais, recibindo premios en Visions du Réel, Montreal, Locarno, IBAFF, Dokufest, Carthage ou Yamagata.

«IRAQ, ENTRE DOCUMENTAL E FICCIÓN»

AULA OS OLLOS VERDES CON ABBAS FAHDEL

MARTES 1 DE NOVEMBRO | 18:30H

Entrada de balde
Reservas en comunicacion@numax.org
Duración estimada: 2 horas

Na Aula «Os ollos verdes» de NUMAX, titulada *Iraq, entre documental e ficción*, Abbas Fahdel analizará os distintos rexistros cos que se ten achegado á realidade social do seu país, acompañando o seu relatorio de imaxes dos seus dous últimos filmes, a obra de ficción *L'aube du monde* e o documental, estreado en NUMAX, *Homeland (Irak Year Zero)*.

→ **Por que decidiu montar o filme só?** Non podía deixalo en mans doutra persoa. Se viu o filme comprenderá por que. É a miña historia, a miña familia, as miñas imaxes. Tiña que finalizalo eu só. Pecheime case tres anos traballando no filme. Foron anos moi duros nos que chorei arreo.

En que momento decidiu dividir o filme en dúas partes? Na montaxe. Era unha evidencia para min porque a invasión causou tal ruptura co Iraq de antes que xa non era o mesmo país.

Ao longo do filme semella como se buscase o seu lugar como director. Ao comezo a súa ollada preserva unha distancia que se achega á súa posición de tío que vive no estranxeiro. Mais gradualmente gáñase confianza coa xente. Si, efectivamente. Hai unha xustificación moi simple nas escenas das que fala na primeira parte. Non podía facer preguntas de natureza política á xente. Se o facía corrían o risco de rematar no cemiterio. Todo o que podía facer era gravar a familia no salón ollando a televisión que emitía programas e cancións á gloria de Saddam. Indirectamente mostraba que iso podía significar vivir baixo unha ditadura.

Publicado en <http://www.cinefilic.com/>

«O Estado islámico é o resultado do que se ve no meu filme»

Entrevista a Abbas Fahdel

Por Sophie Soukias

Cun treito de trece anos que nos separa da invasión de Iraq achegámonos a través do seu filme ao drama que alí aconteceu. Cando presento o meu filme moitas veces me preguntan que é o que penso do Estado islámico e eu respondo que é o resultado do que veñen de ver no meu filme. É sempre a mesma guerra que acada formas diferntes. Cada guerra ten as súas cotas de sufrimento e frustración, de desexo de vinganza. No meu filme crúzanse diversas persoas con familiares asasinados polo exército americano que din: «se eu me atopo cun americano, mátoo». A guerra trastorna o equilibrio dun país, crea o caos e o caos favorece a aparición de bandidos e movementos terroristas. Trátase dunha sorte de roda na que Iraq entrou hai case trinta anos e na que participa o mundo enteiro.

Cun treito de trece anos que nos separa da invasión de Iraq achegámonos a través do seu filme ao drama que alí aconteceu. Cando presento o meu filme moitas veces me preguntan que é o que penso do Estado islámico e eu respondo que é o resultado do que veñen de ver no meu filme. É sempre a mesma guerra que acada formas diferntes. Cada guerra ten as súas cotas de sufrimento e frustración, de desexo de vinganza. No meu filme crúzanse diversas persoas con familiares asasinados polo exército americano que din: «se eu me atopo cun americano, mátoo». A guerra trastorna o equilibrio dun país, crea o caos e o caos favorece a aparición de bandidos e movementos terroristas. Trátase dunha sorte de roda na que Iraq entrou hai case trinta anos e na que participa o mundo enteiro.

Elixiu filmar os seus familiares. Quería filmar unha familia iraquí típica ou a familia na súa dimensión universal?

Durante a primeira Guerra do Golfo estaba en París cos meus estudos e culpábame a min propio de non estar cos meus achegados. Sufría moito porque

todos os medios de comunicación estaban bloqueados e non sabía que era o que estaba a suceder. Ademais, o azar fixo que a miña familia sexa representativa da clase media iraquí. Una clase enormemente empobrecida coa guerra mais a que encarna o país e a súa cultura. En canto á condición universal que a xente viu na miña familia foi unha gran sorpresa para min. Eu coidaba que a miña familia non podía ser comprendida máis que polos iraquís e os árabes. Mais constato alá por onde se proxecta o filme que a xente se identifica con ela e a ven como súa. Gústame esa idea dunha certa irmandade.

O personaxe de Haidar é moi emocionante, racha literalmente a pantalla. A presenza central dun neno no filme ofrece unha ollada particular aos acontecementos da man da súa inocencia. Haidar apodérase do filme, algo que non estaba previsto. Estaba tan presente, era tan intelixente e vivaz que axiña comprendín que ía ser un personaxe importante mais non até este punto. Na montaxe, doce anos após, revisei os brutos, era evidente que ía ser o personaxe principal. Montei todo o filme a partir da última secuencia. E iso que comenta sobre a inocencia dos nenos é certo. Non se autocensuran, ao contrario cóos adultos que mudan por medo, interese ou pudor.

Na segunda parte do documental, vemos os estudos de cinema destruídos e con eles, centos de

bobinas de película. Homeland é tamén un traballo de memoria. A primeira motivación era documentar o que sucedía porque sabía que era un momento histórico, que todo ía mudar, que nada ía ficar coma antes. A segunda, era o sufrimento que padecín ao ver a primeira Guerra do Golfo a través do medios. Os 25 millóns de habitantes iraquís ficaban completamente ausentes. As únicas imaxes viñan da propaganda americana ou da iraquí. Só viamos soldados, avións ou mísiles caendo sobre Bagdad, mais endexamais as persoas.

Este filme constitúe unha experiencia persoal moi dolorosa. Logo da súa estrea en 2015, acadou unha acollida extremadamente positiva. Temos a impresión de que a xente comprendeu a mensaxe que quería transmitir. Pasei longo tempo coa montaxe chorando a diario. Hoxe aprendín a manexar as miñas emocións. Non agardaba críticas tan boas, mais o filme fíxeno porque sentía que debía facelo. Coidaba que sería esencialmente apreciado polos iraquís. Aledoume a reacción da miña familia. Como pode comprender son incapaces de ver o filme mais seguen as súas novas a través do facebook. Ven que o filme está a ser ben acollido en todo o mundo e que Haidar é moi apreciado.

Publicado en <http://www.bruzz.be/nl>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

OS LIBROS DE ABBAS FAHDEL

Notas sobre o cinematógrafo, Robert Bresson. Positivas, 1993

La educación sentimental, Gustave Flaubert. Alianza, 2015

En busca del tiempo perdido, Marcel Proust. RBA, 2013

Las mil y una noches. Cátedra, 2015

Perseverancia, Serge Daney. Shangrila, 2015

Humillados y ofendidos, Fiódor Dostoievski. Alianza, 2015

Cuentos, Anton Chéjov. Alba, 2004

La mujer zurda, Peter Handke. Alianza, 2015

Memoria para el olvido, Mahmud Darwish. Oriente y Mediterráneo, 2002

Cuentos completos, Edgar Allan Poe. RBA, 2015

Los sueños, Naguib Mahfuz. Alianza, 2015

Escritos corsarios, Pier Paolo Pasolini. Positivas, 1993

Lo que sabía Maisie, Henry James. Cátedra, 2016

El monstruo de Hawklina, Richard Brautigan. Blackie Books, 2014

El templo sumergido: antología poética (1948-1964), Badr Shaker As-Sayyab